

CANTO DO POBO DISPERSO

POR

VALENTÍN PAZ-ANDRADE



ISBN

978-84-92923-35-9

DEPÓSITO LEGAL

C 864-2012

LIMIAR
POR
RAMÓN VILLARES

Presidente do
Consello da Cultura Galega



A diáspora cantada



A figura escollida este ano 2012 para conmemorar o Día das Letras Galegas foi a de Valentín Paz-Andrade, un autor polifacético e certamente orixinal no contexto cultural galego, dada a súa dedicación profesional ao mundo da pesca e da empresa, a súa formación de economista e, desde logo, a súa temperá condición de xornalista de caste **V** Tamén foi un notable autor de ensaios literarios e biografías e, como decote fixeron moitos dos seus coetáneos, tivo tempo e inspiración abonda para compoñer textos de creación literaria, nomeadamente de poesía **V**

É tradición do Consello da Cultura Galega contribuír á celebración das Letras Galegas, entre outras accións, cunha edición facsimilar e debidamente presentada dunha peza senlleira da figura homenaxeada **V** Hogano había moito onde escoller **V** En primeiro lugar, porque a obra escrita tanto édita como inédita de Valentín

Paz-Andrade é abondosa e variada, aínda que no caso da que foi impresa en vida do autor predomine probablemente a escrita en castelán ¶ En segundo lugar, pola decisión que tomou a súa familia de nos franquear as portas do seu importante legado, o que permitiu escoller un texto que, alén de inédito, reunise uns trazos que lle aquelan moi ben a unha das liñas de traballo do Consello –a través do seu Arquivo da Emigración Galega–, como é o estudo do feito migratorio en todas as súas variantes ¶

O resultado é a edición facsimilar, arrequecida cun preciso estudo introdutorio, dun orixinal que, despois de varias mudanzas, o propio autor acabou denominando como *Canto do pobo disperso* ¶ O título remite claramente á idea de Galicia e das súas xentes como un pobo espallado ou disperso polo mundo ¶ Pero tamén se advirte un claro aceno do autor á idea da diáspora, que, por antonomasia, se atribúe á peripecia histórica do pobo xudeu ¶ De feito, o primeiro título deste poemario foi *Sete salmos da remigración*, o que xuntaría unha concepción litúrxica do proceso de diáspora coa evidente idea do necesario retorno ou “remigración” ¶

Este conxunto de poemas escritos orixinalmente nunha lingua galega culta e rexa, inzada de referencias míticas e históricas, foi composto nun lugar ben distante de Galicia. Paz-Andrade escribe e data estes versos na cidade de Bogotá, nunha das súas misións de capacitación pesqueira convocadas pola FAO, que o levarían moitas veces ao continente americano. A estaba na capital colombiana durou catro longos meses e, talvez por iso, podería pensarse que a saudade do seu fogar vital serviu de inspiración para o autor. Xa lle acontecera algo semellante case vinte anos antes cando, no seu desterro durante a Guerra Civil nas serras orientais galegas, o seu manancial poético abrollou na escrita de poemas que demorarían varias décadas en seren imprentados e dados a lume.

Neste caso, malia as correccións que sufriu *Canto do pobo disperso*, o que podería indicar unha vontade decidida de ser publicado, o poemario ficaría inédito ata agora. Que unha das versións, a máis seguida para esta edición, aparecese entre os papeis de Luís Seoane, revela unha intención de editar o texto en Bos Aires,

sen sabermos a día de hoxe as razóns de que a publicación non se levase a cabo ¶ En todo caso, como subliña a autora do estudo introdutorio, houbo un diálogo literario e poético entre ambos os persoeiros pois parece clara a parentela entre este texto e o *Fardel de eisilado* de Seoane, publicado en 1952 ¶

Con todo, hai algunhas diferenzas máis que de matiz entre delambos poemarios, que lle conceden á obra de Paz-Andrade un perfil específico, tanto no campo literario como na súa interpretación de Galicia como un país de emigración ¶ Este matiz está na inserción positiva e mesmo heroica da epopea da emigración galega no conxunto da historia da humanidade, nunha sorte de adaptación á vella interpretación clásica –reforzada modernamente por Hegel– de constituír a evolución do mundo un constante dislocamento de oriente cara a occidente ¶

Nesta liña do tempo, Galicia desempeña un papel esencial, pois é lugar de recepción de etnias foráneas que viñeron de lonxe, guiadas polas estrelas dunha galaxia, desde o “Vistula ou o Sena deica o Sar”, como se di nun dos seus versos ¶ Pero non só chegaron vagas celtas,

senón tamén o apóstolo Sant Yago, “vigairo dos regueiros sideraes” ♪ En suma, Galicia é entendida como lugar de chegada ou de *terminus* da historia europea, ao xeito con que o arxentino Víctor L. Molinari definía este país como unha “porta” de entrada e un “porto” de saída ♪ Así tamén está presente nos versos deste canto composto por Paz-Andrade:

*Eiquí findou o transmigrar sedento
das loiras oleadas,
fuxidas da friaxe das estepas.*

O seguinte destino dos moradores de Galicia tería que ser América, esa “estrela virxe” que, a través dos “camiños líquidos” das augas azuis dos mares antes temidos e nunca navegados, acabarán facendo súa os emigrantes saídos dos peiraos ou portos galaicos ♪ Nesa transmigración, o caudillo Breogán vai na dianteira, a “poboa-las illas presentidas” ♪ E aquí ábrese de novo unha visión mítica, pero positiva, do papel de Galicia na historia universal, en canto suxeito activo da vida desenvolta no destino americano ♪ No poema “Rodar das vidas” hai unha descrición precisa

de lugares e afáns dos emigrantes chegados ao continente americano, desde o quente trópico ou a “pampa nivelante”, ata as maniguas, as “andinas valgadas” e a convivencia co caimán e a anaconda, cos pumas e as vacadas ♪

A experiencia da emigración non supón perda de identidade nin esquecemento do patrio soar ♪ Nos dous derradeiros “salmos” do poemario hai un canto á memoria e á “presenza da terra”; un canto ás saudades tecidas “na enguedellada néboa dos recordos” ♪ O poemario remata cunha invocación ao retorno “á terra de Galiza”, que supón de novo unha tentativa de acollida dos que se foron ♪ Nada de facer burla dos hábitos dos “chés” e dos “habaneros”, tan comúns na literatura migratoria costumista ♪ No canto diso, hai unha apelación a que os retornados sexan os verdadeiros protagonistas dun renacer que axudará a construír as “anadas futuras de Galiza”, polas que brinda o autor:

*Ergamos xa,
galegos resgatados,
a gloria dos emporios
que deica agora erguestes en chan alleo*

A edición deste poemario foi posíbel grazas ao concurso de varias persoas, que debo mencionar *expressis verbis* nesta presentación institucional ♡ En primeiro termo, Pilar Rodríguez Prada, viúva de Valentín Paz-Andrade, quen como boa descendente de fidalga estirpe puxo a disposición do Consello da Cultura Galega o legado do seu home, que ela gardou con agarimo e coidado ♡ Tamén quero recoñecer o traballo desenvolto por Emilia García López, na dixitalización de parte daquel material, e de Miguel Anxo Seixas, quen descubriu moi cedo a versión deste poemario que obraba na Fundación Luís Seoane ♡ E, finalmente, debo agradecer o esforzo e a pulcritude coa que María Xesús Lama, profesora da Universidade de Barcelona, estudou e editou este poemario que, a partir de agora, vai formar parte da historia literaria galega ♡

EMIGRACIÓN E LITERATURA

POR
MARÍA XESÚS LAMA



A reflexión sobre o fenómeno da emigración é unha constante na literatura galega, que nace no século XIX marcada pola conciencia dos desaxustes político-económicos dunha sociedade que, na súa loita pola supervivencia, atopa unha saída na fuga masiva de capital humano. As primeiras intervencións literarias, dende Galicia e dende a conciencia de país, non poden menos que dar conta de todos os efectos negativos derivados do éxodo tanto na súa dimensión colectiva pola perda da poboación produtiva, coma na dimensión privada coa ruptura das redes familiares, deixando unha sociedade de “nais que non teñen fillos e fillos que non teñen pais”. Pouco tardan en producirse as valoracións literarias do fenómeno dende a propia experiencia e deseguida vemos aflorar as primeiras fendas na construción da imaxe idealizada dun pobo sufrinte e heroico. Ben coñecida é a complicada experiencia de Curros en Cuba e o seu simbólico final, e isto sucede na comunidade galega da Habana, a mesma que financia a publicación de *Follas novas*, estrea o himno galego, estimula a creación da Real Academia Galega e acolle a Basilio Álvarez. Os mesmos problemas que detectaba Rosalía na dimensión privada, en poemas como “¿Que lle digo?” ou “Pois consólate, Rosa”, adquiren dimensión colectiva coa actitude xeneralizada de loita polo medro persoal e esquecemento das orixes, ou a simple vivencia da saudade no eido do privado e sentimental.

A realidade do mundo da emigración revélase complexa e a súa representación literaria máis ben complicada se temos en conta que o escritor galego, habitual axente do nacionalismo literario, escribe coa arela, máis ou menos

consciente, de contribuír á elaboración dun imaxinario colectivo cohesionador e dignificador. Mais ¿a quen lle interesa a realidade? Unha elite social e intelectual, sensible aos sufrimentos dun pobo que vive penurias arreo, asume o deber de darlles voz aos silenciados e denunciar os desequilibrios estruturais que provocan a grave situación en procura de solucións. A idealización da vítima imponse e as individualidades desaparecen no ser colectivo, aquilo que denominaban o pobo, axente histórico que atravesara as idades construíndo o seu destino cara a un futuro ideal. Ninguén pode considerar que os escritores galegos que publican nos anos cincuenta non coñecían ben a realidade do pobo que deciden idealizar. A experiencia da Guerra Civil déralles mostras abondo da vileza e a ruindade humana durante tres longos anos e deixara unha persistente herdanza que experimentaban acotío, tanto os exiliados na súa dolorosa distancia coma os do interior en cada paso da súa vida diaria. Aínda así deciden crer no home, e no pobo, tal vez porque só abrazando un ideal é posible sobrevivir na derrota.

AS VIAXES A AMÉRICA DE PAZ-ANDRADE

O conxunto de poemas que segue estas páxinas foi escrito por Valentín Paz-Andrade no ano 1955, durante unha estada en Colombia, e presenta en sete cantos unha visión mítica da emigración galega. As súas reflexións arredor da cuestión da emigración repousan nun longo sedimento de experiencias e fontes diversas, dende o coñecemento da propia tradición literaria á experiencia política coas teorizacións derivadas e as vivencias persoais,

tanto de contacto cos amigos do exilio como das súas viaxes e estadias temporais en América.

A primeira visita lévao a Bos Aires pouco despois da morte de Castelao, no mesmo 1950, convidado polo Centro Galego para realizar unha serie de conferencias, con regreso por Montevideo e visita a São Paulo, Santos e Rio de Janeiro. Na súa estadia bonaerense preséntano alén mar como experto en economía pesqueira e ofrece unha serie de conferencias na Facultade de Economía da universidade. Os contactos da comunidade galega lévano mesmo a unha entrevista con Perón acompañado dos seus ministros de Economía e Industria naquel momento, fillos de emigrantes galegos,¹ que desemboca no encargo dun informe sobre as posibilidades de explotación pesqueira do país.

Esta primeira experiencia serve de preliminar para unha serie de colaboracións como experto da FAO que se inicia en 1952. Convidado por outro exiliado galego, Bibiano F. Osorio Tafall, daquela delegado deste organismo de Nacións Unidas para América Latina, participa nun curso de capacitación pesqueira en Valparaíso (Chile), onde imparte un seminario de economía pesqueira. A colaboración continúa noutras misións posteriores: en México en 1954, pasando por Cuba de regreso, e Colombia en 1955. En Bogotá ten que asesorar o Plan de Desenvolvemento Económico que pon en marcha o Goberno con asistencia

1. Trátase de Roberto A. Ares, ministro de Economía na altura co Goberno de Perón, que despois recuncaría como ministro de Interior con María Estela Martínez de Perón nos anos setenta, e seguramente Juan Francisco Castro, ministro de Transportes e non de Industria, como lembra Paz-Andrade (Calvo 1998: 206), nun momento clave en que se nacionalizan en Arxentina os servizos públicos de transporte.

técnica das Nacións Unidas, e encoméndaselle a misión de elaborar unha ordenación xurídica e económica das explotacións pesqueiras. Permanece alá dende febreiro ata xuño e, nese marco, escribe a colección de poemas que constitúen este libro, sen que teñamos constancia de referencias a este no seu epistolario.

O ano 1955 sae do prelo o seu primeiro poemario, *Pranto matricial*, publicado en Edicións Galicia de Bos Aires como homenaxe a Castelao, o que dá pé a un intercambio epistolar con Luís Seoane (Paz-Andrade 1997: 114-115). En 1952 Seoane publicara o seu *Fardel de eisilado*, e parece probable que as reflexións sobre a experiencia do desterro e a súa elaboración artística fosen materia de conversa con Paz-Andrade na súa visita a Arxentina do 1950. Non hai constancia documental sobre este particular, pero si sabemos que Paz-Andrade acudiu máis dun día ao café Tortoni naquela primeira estadía bonaerense, pois comenta que no café da Avenida de Mayo coñeceu a Lorenzo Varela “o primeiro día” (Calvo 1998: 209). O que sabemos seguro é que os asiduos daquel faladoiro son os amigos cos que departe a diario cando volve a Bos Aires en 1957, convidado para a celebración do cincuenta aniversario do Centro Galego.² Alí fálase de libros e proxectos, como lle explica por carta a Díaz Pardo o 5 de agosto daquel ano: “Casi total-as

2. Das conferencias impartidas durante aquela viaxe xorde o seu libro *Galicia como tarefa*, publicado de novo por Ediciones Galicia do Centro Galego bonaerense en 1959. Non será o último, pois de novo en 1966 viaxa a Arxentina e xorde o encargo da editorial Losada para facer un libro sobre Valle-Inclán. Sobre a intensa relación de Paz-Andrade cos exiliados e algúns desacordos cos compañeiros da Galicia interior, e a evolución da súa posición durante as últimas décadas da ditadura e chegada da democracia, ver Carballa (2012).

noites, con Antonio, Rafael, Eduardo, Ramón... falamos. Algunhas obras estúdanse para execución futura. Sahuu [sic] o teu libro de teatro, con outro de Valenzuela e outro de Emilio González. Estanse a vender ben.” (Paz-Andrade 1997: 123).⁵

En calquera caso, parece evidente a intención común en Seoane e Paz-Andrade de afrontar o tema da emigración dende unha perspectiva épica, representando a experiencia migratoria como unha grande aventura colectiva protagonizada por unha chea de heroes anónimos, esforzados traballadores guiados por unha incansable loita pola supervivencia. Dende esta perspectiva, mentres Seoane encontra a dimensión épica cantando por veces a loita titánica duns heroes individuais con nome propio que representan outros centos de heroes anónimos esquecidos, ou coa enumeración de tipos paradigmáticos, os poemas de Paz-Andrade foxen de xeito máis decidido e esencialista cara á abstracción do protagonismo colectivo e constrúen unha interpretación mítica da emigración como explicación das orixes e da esencia identitaria dun pobo que se manifesta na historia con carácter esencialmente nómade e migrador. Trátase, porén, dunha translación no espazo que se quere máis exploratoria que invasora, presentada como éxodo e descubrimento.

3. Refírese, como é sabido, a Antonio Baltar, Luís Seoane, Rafael Dieste, Eduardo Blanco Amor e Ramón de Valenzuela. O libro de teatro de Díaz Pardo é o que recolle as súas obras *Midas. O ángulo de pedra*, publicado nese ano pola editorial Citania, iniciativa da Asociación Gallega de Universitarios, Escritores y Artistas (AGUEA) e dirixida por Seoane e Antonio Baltar. Tamén desa editorial e ano son os libros de Emilio González López, *Grandeza y decadencia del reino de Galicia*, e o de Ramón de Valenzuela, *Non agardei por ninguén*.

UN CANTO PARA UN POBO

O título do conxunto evoluciona, igual ca os propios textos, de xeito significativo, partindo do inicial *Sete salmos da remigración*, para pasar ao posterior *Canto do pobo disperso*. Varias son as transformacións que se operan neste cambio: a presenza/desaparición do elemento numérico, a definición/indefinición do discurso poético identificado primeiro como “salmos” e logo só como “canto”, e finalmente o cambio do foco central da temática dende a acción da emigración e retorno, a “remigración”, cara ao suxeito desa acción, o “pobo”. A estrutura da frase mantense cun núcleo substantivo (*salmos, canto*) acompañado dun complemento preposicional (*da remigración, do pobo disperso*), se ben o numeral que acompañaba primeiro o núcleo desaparece (*sete* [salmos]). Parece evidente que o autor decide prescindir das connotacións litúrxicas que convoca a definición dos poemas como *salmos* e a súa intencionada concepción en número de *sete* que se pode identificar coa frecuente organización dos salmos na liturxia xudía e cristiá ou cos sete salmos penitenciais.⁴ No entanto, o ton e a temática dos poemas non teñen moita conexión coa comunicación coa

4. Tanto na tradición xudía como na cristiá utilízanse os extractos dos salmos e dos cánticos bíblicos en forma de antifónas e execútanse enteiros antes das lecturas da Escritura e nas oracións. Na reforma do Breviario romano impulsada polo papa Pío XI en 1911 organízase unha recitación semanal dos 150 salmos sen repeticións. Máis adiante promóvese unha distribución nun período superior á semana, o que se implanta despois do Concilio Vaticano II, pois permítese unha simplificación na recitación do salterio.

divindade que implican os salmos, sexa en forma de lamento, himno ou loanza, polo que resulta axeitada a substitución polo termo máis neutro, *canto*, que recolle en cambio a idea básica de discurso salmódico. Os salmos son composicións concibidas para ser cantadas baixo a forma do que Jacobson (2002), seguindo a Curt Sachs, denomina como canto litúrxico *logoxénico*, é dicir, cun ritmo marcado polas cadencias naturais do discurso, fronte ás formas *melo-xénicas*, nas que o texto se adapta á melodía. Tamén sería *logoxénico* o canto épico de tradición oral, o que probablemente constitúe a única reminiscencia, de carácter formal, que lle interesa evocar ao autor coa forma do salmo. Doutra banda, a construción dos poemas en estancias, con series de versos hendecasilabos e heptasilabos separadas por unha liña en branco, parece amosar tamén ese modelo formal do canto litúrxico e ao *mesmo* tempo inscribese, máis ou menos conscientemente, na tradición medieval de compor *contrafacta* profanos sobre melodías correspondentes a textos relixiosos ou á inversa.⁵ As evocacións que acompañan ao termo *salmos* en función da súa relación co pobo xudeu,

5. O *contrafactum* inicialmente consiste na creación dunha canción nova seguindo a métrica, a rima e/ou a música doutra xa ben coñecida (Armistead/Silverman 1981: 453). J. M. Pedrosa (2004) enmarca este recurso no fenómeno máis amplo da intertextualidade e Drescher (2008) sinala a diferenza fundamental entre as cancións en que se une melodía e texto e os cantos litúrxicos construídos sobre fórmulas recitativas máis ca melodías propiamente. Non obstante, en Gernert (2009: 218-265) atópase un capítulo específico dedicado aos *contrafacta* dos salmos penitenciais con senso paródico. En dirección inversa aparecen con frecuencia os *contrafacta* ao divino estudados por exemplo no romanceiro oral por Diego Catalán e outros.

paradigma da errancia e da experiencia diaspórica e a marxinalidade, recupéranse emporiso no determinante preposicional coa fórmula *pobo disperso*, que se adapta á perfección tanto ao pobo galego emigrante coma ao chamado “pobo de Deus” e sitúa os galegos en íntima irmandade cos “escollidos”. O concepto de *remigración*, co senso de dobre migración ou migración de volta, queda así relegado fóra do título.

Os sete poemas describen un círculo que comeza co canto a unha Galicia pétrea, fisterrá e liminal, como peza articulatoria que conecta dous mundos, entre o vello continente, do que se sitúa no extremo, e o mar que abre o camiño a un mundo novo. Os poboadores habitan esa terra logo dunha longa migración dende as estepas, en clara referencia ao mito da orixe celta, para iniciaren dende alí unha primeira viaxe cara ás illas atlánticas e poboaren o resto dos territorios celto-atlánticos como se infería do *Leabhar Ghabhala* ou *Libro das Invasións*, xa traducido nalgúns fragmentos significativos e literariamente interpretado polos autores do grupo Nós: “E Breogán partiu,/ das néboas e das ondas peregríño,/ a poboas-las illas pre-sentidas”.

O segundo canto dedícallo a América como receptora dunha nova fase migratoria, “despois do loiro inxerto” procedente dos pobos bárbaros centroeuropeos, que se presenta como un camiño cara á liberdade e a superación do illamento, porque o poñente é o lugar onde “furaron as paredes isolantes,/ á libre luz saíron”. Pero a pesar de todo os emigrantes preséntanse como un pobo derrotado, como “un reino polos outros devorado”, que sente o esgazamento da separación da terra coa que se alimenta o seu

espírito, coma se fosen “arrincados do plinto sustentorio/ de Ceres”.

Reafirmase o carácter transcendente do paso polo espazo liminal, entendendo por tal o lugar situado no bordo dun reino ou lindeiro entre dous reinos. Esta é a posición que lle corresponde a Galicia, como finisterre do mundo coñecido na antigüidade e límite do continente fronte á inmensidade das augas do océano, pero tamén, despois do descubrimento, espazo intermedio entre o vello e o novo mundo. O espazo liminal asóciase con frecuencia dende o Romanticismo á vivencia dunha experiencia transformadora pois é un lugar onde o suxeito entra nun especial estado de conciencia que lle permite acceder ao sublime. Mais no canto de Paz-Andrade non existe experiencia subxectiva ningunha, porque non intervén o suxeito individual. O suxeito da acción é sempre político, colectivo, é un pobo que atravesa a historia, e porén a súa esencia de “semente migral” transfórmase ao seu paso polo espazo galego afondando raíces nesa terra nutricia que se representa no mito de Anteo. A identidade migradora transfórmase nunha identidade definida pola comunión coa terra. A partir de entón a nova xeira migratoria convérteos en pelouros inertes que rodan pola vida esgazados da súa vida auténtica, corpos sen alma “habitados de baleiro”. Este estado de despoxo e sufrimento recréase nos cantos V e VI con títulos ben elocuentes: “Rodar das vidas” e “Baleiro roente”, que describen a vida dos emigrantes, como mortos viventes, arredados da súa propia alma. E isto despois de que no canto IV xa se amosara a desolación da terra a través das aldeas abandonadas, transformadas metonimicamente en “Caladas nais” que agonizan como

“naos sen velame/ ancoradas [...]”, nunha significativa feminización da terra maternal, acorde coa idea de *matria* tan recorrente na poesía do autor, pero aquí anulada na súa función e convertida en “esgotadas matrices” que entregan fillos para “sempre deixar de sere,/para ser noutros”.

Así pois, o paralelismo que parecen suxerir as diferentes versións do título entre a experiencia do pobo galego e a do pobo de Deus maniféstase tamén nunha dobre experiencia migratoria. A primeira é un “transmigrar sedento” que empuirra sucesivas ondas “fuxidas da friaxe das estepas” en busca dunha terra mellor, como o éxodo do pobo de Israel en busca da terra prometida. A terra prometida en que se asenta este pobo viaxeiro é o chan galego, e dende aquí un novo movemento migratorio só pode ser contemplado como diáspora ou dispersión desmembradora. Por iso en ningún caso se pode identificar este pobo disperso cun pobo conquistador ou depredador, como se defende no canto terceiro baixo o simbólico título “Miñatos e anduriñas”.

O concepto de “remigración” adquire así un dobre senso, primeiro como acción reiterada ao longo dos tempos e cunha dimensión identitaria, para adquirir despois o senso de regreso. Esta idea elabórase no poema final do conxunto titulado “A volta”, onde se establece definitivamente a forza dun novo trazo identitario transcendente que consiste na íntima unión dos dous elementos que protagonizan o canto: pobo e Terra. Por iso a voz da terra érguese e fala a través da natureza ao seu pobo, xurdindo das árbores, das pedras, dos montes, dos ríos e das ondas como un “latexo cósmico” que o vento leva en forma de chamada para a súa xente, clamando por un regreso que ten que restituír o equilibrio dun “corpo sagro” formado pola unión da Terra co seu pobo.

Fronte ao conxunto da produción poética publicada polo autor, que poderíamos considerar dominada pola poesía de circunstancias, sexa en homenaxe aos amigos mortos (Castelao, Otero...), sexa nun intento de dar testemuño para a historia das vivencias de compañeiros represaliados, fuxidos ao exilio ou asasinados nos anos da guerra, este poemario preséntase como unha reflexión de máis longo alcance, unha interpretación arredor da historia e a identidade do pobo galego a partir do fenómeno migratorio.

XÉNESE DO TEXTO

Este libro de poemas conta con catro versións en mecanoscrito, tres das cales foron encontradas na casa do autor e a outra na Fundación Luís Seoane. Todas as versións son ben diferentes entre elas, pero pódense establecer dous grupos:

A) Dúas versións, gardadas no arquivo do autor na súa casa de Samil, que levan o título *Os sete salmos da remigración* e abaixo consignan o lugar e a data da súa redacción: Bogotá, 1955. Unha delas está formada por seis poemas e polo tanto considerarémola unha primeira versión incompleta e referirémonos a ela como B1. A segunda xa inclúe os sete salmos, cun novo ao final que ademais presenta algunhas correccións manuscritas nos versos últimos. Este será B2.

B) As outras dúas versións semellan representar unha nova fase na evolución do poemario, pois inclúen numerosas ampliacións e cambios nos poemas, aínda que se mantén a fidelidade numérica á concepción inicial dos “sete

salmos”, se ben se troca o título. Destas a primeira sería a atopada na Fundación Luís Seoane, que leva unha páxina inicial a xeito de portada co nome do autor e o novo título: *Canto do pobo disperso*. Abaixo consignase só a data da súa redacción e desaparece a referencia ao lugar. Polo arquivo en que se encontrou podemos supor que o autor lla enviou a Seoane, ben para que o valorase cara a unha posible publicación ou para que lle dese a súa opinión de amigo e poeta. Referirémonos a esta versión como S1. Por último, a cuarta versión, atopada no domicilio do autor, parece ser unha copia de S1, na que desaparece a cuberta e cópanse a tamaño reducido dúas follas en cada páxina apaisada; polo tanto chamarémoslle S2. Xa que nesta versión aparece unha anotación á man que cambia a primeira estrofa do poema inicial e un par de versos da seguinte, semella posterior a S1 e, xa que logo, constituiría a derradeira versión.

CRITERIOS DA EDICIÓN

Tendo en conta que nesta edición o lector poderá consultar o facsímile do texto para coñecer os detalles da lingua utilizada polo autor no momento da escritura, decidiuse respectar ao máximo as escollas de lingua, case sempre ben documentadas polo autor nos dicionarios de que podía dispor na época, pero actualizar a ortografía para facilitar unha lectura fluída e sen as interferencias que nunha lingua, sen normativa naquela altura, levan o lector cara a unha permanente reflexión ou preocupación lingüística que estorban a percepción literaria e estética.

Aínda así, non é doada a decisión nalgúns intres en que encontramos variantes que só nunha lingua sen normativa se podían producir sen necesidade dunha intención de transgresión e experimentalismo fónico, pero que ao mesmo tempo denotan unha clara intencionalidade do autor de introducilas e mantelas conscientemente, case sempre por imperativo métrico. Algúns exemplos claros atopámoslos xa no primeiro poema, cando na primeira estrofa alterna o adxectivo “intemporal” con e sen “e” paragóxico: “o mar intemporal/ túa coroa intemporal compuxo”; na última estrofa acontece o mesmo co infinitivo “ser”: “sempre deixar de sere/para ser noutros”. A alternancia de versos heptasílabos e hendecasílabos esixe aquí as paragoxes, mentres que o último verso permite a brevidade contundente do pentasílabo. Respectando as esixencias da métrica, mantéñense nesta versión tamén determinadas formas léxicas (*azas, dozor, adoas, soedá, maré, esprito...*), así como a frecuente ausencia de artigo acompañante do posesivo, e mesmo algunhas formas que parecen avaladas por unha certa tradición literaria (*sulco, naos, leixados, solitude, moitedume...*) ou a conservación do “i” epentético (*aldeias, y-alma*). Mais noutros momentos o criterio inclínouse cara á uniformización actualizadora, como acostuma facerse nas edicións actuais dos clásicos en calquera lingua, pensando esperanzadamente nun futuro lector non restrinxido a especialistas nos estudos filolóxicos e tendo en conta, ademais, que estes atoparán compensación na reprodución do orixinal adxunta para valorar pormenores como as marcas lingüísticas de época ou a orixe das variantes léxicas usadas polo autor.

Así pois, regularízase a ortografía e a acentuación, elimínanse trazos na representación de contraccións (*pol-as, d-un, c-o, n-unha*, etc.), recuperando nalgún caso vocais elididas (*deic-o* → *deica o*, *par-o* → *para o*, *sobr-as* → *sobre as*), e realízanse algunhas intervencións no léxico para evitar posibles dúbidas de lectura como en *meninas*, por *meniñas* ou corríxese a formación de falsas formas patrimoniais mediante perda de “l” ou “n” intervocálicas como *estear* por *estelar*, *veaban* por *velaban*, *gráiticas* por *graníticas*, *maígua* por *manigua*, *epitear* por *epitelar*. Doutra banda, mantense a segunda forma do artigo cando se utiliza (*poboa-las illas*) e algúns castelanismos moi característicos como *ola*, *lonxano* ou *segredo* usado como adxectivo.

Por último, as notas do aparato crítico reserváronse exclusivamente para comentarios ecdóticos, de maneira que dan conta da evolución no proceso de composición e sucesivas correccións introducidas polo autor. Trátase dun proceso complexo que quedaría embazado se alternase con outros comentarios referentes á lingua ou ao contido, cuestións que se tentou resumir nesta introdución.

BIBLIOGRAFÍA CITADA

- ARMISTEAD, S. G. e J. H. Silverman (1981): “El antiguo romancero sefardí. Citas de romances en Himnarios hebreos, siglos XVI-XIX”, *Nueva Revista de Filología Hispánica*, v. 30, n.º 2, 453-512.
- CALVO, Tucho (1998): *Valentín Paz Andrade, a memoria do século*. Sada-Coruña, Ediciós do Castro.
- CARBALLA, Xan (2012): *Biografía de Valentín Paz Andrade*. Vigo, Galaxia.
- DRESHER, B. Elan (2008): “Between Music and Speech: The Relationship between Gregorian and Hebrew Chant”. En S. Cummins, B. Jankowski e P. Shaw, eds., *All the Things You Are: A Festschrift in Honour of Jack Chambers. Toronto Working Papers in Linguistics 27, Special Issue*, 43-58.
- GERNERT, Folke (2009): *Parodia y “contrafacta” en la literatura románica medieval y renacentista. Historia, teoría y textos*. San Millán de la Cogolla, Cilengua.
- JACOBSON, Joshua R. (2002): *Chanting the Hebrew Bible: The Art of Cantillation*. Philadelphia, Jewish Publication Society.
- PAZ-ANDRADE, Valentín (1997): *Epistolario*. Charo Portela Yáñez e Isaac Díaz Pardo, eds., Sada-Coruña, Ediciós do Castro.
- PEDROSA, José Manuel (2004): “Las canciones contrahechas. Hacia una poética de la intertextualidad oral”. En P. Piñero, ed., *De la canción popular a las soleares. Prof. Manuel Alvar in memoriam*. Sevilla, Universidad de Sevilla, 449-469.

CANTO DO POBO DISPERSO

TRANSCRICIÓN

I
GALIZA, RIBEIRA ANTIGA¹

Do tempo cero levas
o misterio do mar pola cintura.
Con alga, pedra e brétema metidos
no muíño da onda,
o mar intemporale
túa coroa intemporal compuxo.²

Ben bicada varanda que recibe
baixo o palio dos pinos os Poentes,
cando súa escada esgotan³
na maxia cegadora do alén mar,
tras do arco das augas promisorias
onde inda terma derradeiramente
a mocidade do mundo.

Tarso estremal da Europa,
punta da rosa céltica encostada
no roteiro da Atlántida;⁴
noiva dos velaíños
ventos que sopran en cuadrantes novos;
muro das correntías
quecedoras do ventre dos abismos.

Vello esquinal da Roma,
que até o lindar do *mare tenebrossum*

alongou a firmeza das calzadas;
angular pousadoiro
onde os albeiros escadróns do Este,
cunha pinga de aurora nas meniñas,⁵
o seu trote centáurico frearon.⁶

Fogo de lumes místicos,
no milagreiro ñadoiro acesos
das cinzas navegantes,
e berce de camiños enlousados
coa estelar soleira das galaxias
por onde a fe dos pobos foi guiada,
do Vístula ou do Sena deica o Sar.⁷

Con historias de andar lonxanos ermos
e sangrar para encher cuncas alleas,
da túa historia os folios se escribiron.
Ribeira a máis antiga
pró devalar das étnicas mareas.

Eiqué findou o transmigrar sedento
das loiras oleadas,
fuxidas da friaxe das estepas.

Eiqué Sant Yago, morto, resucita
vigairo dos regueiros sideraes.

E Breogán partiu,
das néboas e das ondas peregríño,
a poboas illas presentidas.

Sempre ramos de vida a derramarse,
sempre sangue de pobos a escoarse,
sempre deixar de ser
para ser noutros.

II
AMÉRICA, ESTRELA VIRXE⁸

Despois do loiro inxerto,
a semente migral
súa atávica flora desfechou
no sangue dos atlánticos punteiros.⁹

América xurdira
unha mañán de universal outono
no cartafol secreto do planeta
e, con repique de ouro,
do latitudinal confín das augas
onde as tebras azuis xa eran terra,
outro mundo chamaba
aos orfos de ventura e de fartura.

Era unha estrela virxe
tremelucindo en firmamento novo
a irisar os cumpridos horizontes,
que sempre os arredíos cobizaran.¹⁰

Os camiños terrestres doravante
en mareiros camiños se trocaron.
E foi de novo andar, andar o sino,
seguindo do vogar das carabelas
as galaxias de espuma.¹¹

Polas órbitas vivas¹²
dos Poentes deitados tras do mar,

as raíces raíces apoucas
no devalar dos séculos serodios
furaron as paredes isolantes,
á libre luz saíron
das terras e dos pobos atopados.¹⁵

E Galiza, a esquecida,
arredada e viúva
dun Reino polos outros devorado,
matria lonxana do romance ledado
e da lei da anduriña,
abatido solar
de xentes e castelos abatidos...,
caladamente heroica,
escomenzou a súa
doorosa desfilada transmariña.

Longas greas anónimas de corpos,¹⁴
arrincados do plinto sustentorio
de Ceres;
froitos de celme e grao de sucos vellos;
mans que fendían seixo metalino
e bordaban graíño nas canteiras;
brazos para [a] rabela e para o leme,
meniñas para o lóstrego.

Homes na Natureza amamantados,
espartanas mulleres,
voto de door escuro para a loita
co loito,
para a loita do pan,
e para o loito
dos mortos e dos vivos.

III
MIÑATOS E ANDORIÑAS

Xa os miñatos sen azas,
refugallo da Europa resentida,
os birollos, os trencos, os eivados,
fuxidos das cadeas,
das tabernas dos portos e os garitos,
dende os seus recuados acobexos,
a rapina voaran de *autre mer*.

Endexamais a nobre
servidume das quillas e das velas,
radiosa aínda da recente gloria,
se luxou tan axiña,
emprestando dos ventos transmariños
a forza bulidora,
pra inzar o mar de ladroízo e crime.

Xa os miñatos pasaran,
con peteiro famento e roxa pouta,
a roubar os tesouros que velaban
dende as cristas andinas
o cóndor e o quetzal.

Despois,
de amor e quente ensoño latexantes,
as anduriñas celtas arribaron
pra convivir co tero e o sinsonte

e pendurar seus niños no pallazo
dos ranchos,
a revoar na infinitude crúa
coa lei doce e dura das abellas.

Nin Potosí nin Tasco,¹⁵
nin os tesouros incas, nin as xoias
nos sacrificios maias,
aguzaron as uñas dos galegos.

Homes coa sustancia do traballo nas veas,
non viñeron, señores, a cabalo,
con arrees de ferro, con trabuco,
a mandar sobre as terras desvendadas.

Non engadaron indios con adoas
nin trasfegaron pretos,
mais con peitos abertos e con brazos
valentes
súa neve e seus soles,
súas soidades árdigas partiron.

IV
CALADAS NAIS

Cravadas na paisaxe
e pechas na súa door,
os emigrantes deixan as aldeias.¹⁶

Dos mestos casaríos inclinados
á dozor pastoral do plasma verde,
rube a voz azul do campanario
a súa única voz.

Primavera de cal que aloxa o herdo
de oestrímicas xentes fundadoras,
tecido nuclear da terra *terminus*,
ramada absencial
da nosa cepa.

Eu sinto das aldeias¹⁷
nos cordóns do meu sangue solidario,
fío a fío,
as feridas abertas na súa carne
polo despoboamento
e pola soedá no seu espírito.

Atrás das moitedumes
ríos de corazóns acoitelados¹⁸
que seu leite abandonan,
tras dos incertos pasos desertivos

pola escada dos barcos...
alóngase a agonía das aldeias.

Caladas nais exangües,
parideiras das vidas sen acougo,¹⁹
en oprimida solitude inzando
as roladas esguías
que esvaran a vertente expatriatoria.²⁰

Sodes naos sen velame,
encordadas na anguria poentina,
humanas arboredas chapodadas
que ciscaran no vento o seu verdor.

Esgotadas matrices
do pobo desmembrado e migrador,
un anaco por mundo,
fresas que na acedume
do non poder queimaron os seus pulos;
pinga e prea de rábula,
antena mol prós abellóns do fisco,
alcouves de sementes abraiadas
pola escolla fatal
entre fame, desterro ou servidume.

E nunha sorte ou noutra,
aldeias de Galiza,
a vosa enteira forza,²¹
para batallar no noso chan doada,
perde a lei da nacencia ennobrecida,
a virtú das orixes,
o vencello raigal á terra propia
que sustentaba a Anteo.

V
RODAR DAS VIDAS²²

Pola anchura dos mapas,
na fría lei do ferro domeados,
alá van, silandeiros,
os fillos, barro e sangue, das aldeias.²⁵

Corazóns primeirizos,
descoallados da Terra cando a terra
escomenza a deitar nos roxos copos²⁴
agarimo e cantiga.

De vagares lixeiros e de escola,
polo pan migradores,
só no traballo coma en Deus creentes;²⁵
rebolada de frescas
vidas para frorir e xa levadas²⁶
na ventureira roda dos incertos
destinos.

A mourecer no trópico²⁷
ou sumirse na pampa nivelante,
a decruar baldíos polo chaco
ou tombar ahuahuetes na manigua,
suar nas espesuras do caucho e o caimán,
nos trapiches de Cuba;

das andinas valgadas nos potreiros,
furar xeoloxía en Maracaibo
ou palear salitre en Atacama.²⁸

Compañeiros do pingo e das vacadas,
veciños de anacondas e de pumas,
ao cobre mesturados do mestizo,
do gaucho,
e mais á lura epitelar do preto.

Rodopío de vidas pendulares,
anónimo alimento dos poderes
monstrosos,
que erguen xigantomaquias de cimento,
súas prementes máquinas de renda,
nos cadros celulares
das cibdades presidio,
abouxantes, trementes, feridoras,
e valeiras de ialma.

VI
VALEIRO ROENTE²⁹

Non abonda a saudade,
lembrativa vivenza vagantía,
para soldar tronzaduras
que nosas vidas deixan sen raíces.

Nin *sanatorios* xurdios,
nin postreiro sosego en quintas de saúde
para acoller os espeutros dos vencidos.

Nin trasfegos de gaita domingueira,
de santos e romaxes,
baixo a frouma sen cheiro dos alleos
parques municipais.⁵⁰

Descoridas imaxes
de cativo consolo,
superpostas na anguria dos leixados
ao baleiro roente da presenza
da terra.

Íntima queixa de almas que perderon
os esteos nativos,
as graníticas vértebras,
e viven revivindo
na enguedellada néboa dos recordos
primeiros

a ledicia dourada
dos carballos queimados nas lareiras;
a memoria do bronce no que falan
as horas,
os respuntes da choiva na paisaxe
dormente,
o arume das herbas recendendo
no nocturno estelar.⁵¹

Almas dos emigrados,
polo corpo empurradas ao longo do
desterro,
pola soma habitadas do baleiro
que abriu unha lonxana despedida:
sempre coa coita dentro,
a vagar sen pousarse nos alleos
camiños,
sempre a levar a fría mordedela
no corazón trinzando,
o medo da gadaña que se adiante
a segar toda esperanza de retorno.

VII
A VOLTA⁵²

A terra de Galiza,
sen voz baril no pobo articulada,
súas angurias deita
na linguaxe fluvial da Natureza.

Ergue clamores líquidos no vento⁵⁵
e a espuma das marés,
e fai continuo rezo murmurado
no zoar largacío dos piñeiros.

Escoitade, galegos,
noutros aires levada polo espazo
a chamada das arbres e das pedras,
dos montes, e dos ríos, e das olas,
do matricio terrón que no centeo,
no millo,
transfunde ao noso pan a seiva eterna.

Escoitade, galegos,
co peito aberto ao cósmico latexo,
as minerais voces das areas,
do seixo das congostras,
do wolfram dos mineiros e das laxes
labradas polos séculos e o mare,
e o derradeiro eco das buguinas
no deserto das praias.

Canto é ser da Galiza,
óso e sustancia do seu corpo sagro,
en verba de ninguén adeprendida
na que todos entenden,
di como a terra anceia
rexuntar os anacos da súa carne,
como ela agarda sempre
pola remigración do pobo esparso.

Voltade aos lares fríos,
aves de azas lixeiras, peregrinas
polos ermos abertos
á flotación dos corpos sen raíces.⁵⁴

Cancelai a morriña,
almas irmás doentes de arredío,
no camiño dourado
que desanda o camiño do desterro.⁵⁵

Sulco a sulco de novo,
nosa belida herdade labremos xuntos,
montemos os perpiaños dunha viva⁵⁶
pequena patria leda e cobizada,
onde manen as fontes da perdida
fartura;
noso pan, noso viño, noso peixe
partamos,
e a raza curemos
do vezo insolidario e dispersivo.⁵⁷

O roteiro da volta
enchede de cantiga e aturuxo
polas aortas de auga do praneta,
e no chan esquecido,
na terra-cruz dos vellos e dos novos
continentes e mares,
na telúrica proa occidental,
ergamos xa,
galegos resgatados,
a gloria dos emporios
que deica agora erguestes en chan alleo;
obremos xa sobre soleiras firmes
e baixo novas craves
os destinos do home,
a pulsazón valente
que acugule de froitos lumiosos
as anadas futuras de Galiza.⁵⁸

APÉNDICE*

GALICIA, VIGILIUM MARE

Rente da liña infirme,
onde as formas do mapa se esgazan
e as súas cristas líquidas
a vida cega dos abismos ergue,
unha terra nacía
arrolada nos ventos boreais.
Era o abrente doce
do tempo decorrido sen historia,
dos destinos sen clave.
Homes, albres e bestas
coa forza da xénese enteira,
no baleiro dos orbes agromaban
e toda medición dos elementos
viña dada por soles e por lúas
na roda-roda dos crepúsculos.

* Engádesse aquí un novo poema inacabado, pola clara relación temática co conxunto. O texto forma parte da serie de manuscritos espallados en cadernos de man do autor e, evidentemente, el non o considerou parte deste poemario que se reproduce sempre como un conxunto unitario. Máis ben podería constituír unha variante ou un prefacio introdutorio como canto do mito das orixes da terra, antes da chegada dos primeiros poboadores que proceden dunha longa migración dende o leste e comezan xa a esculcar o mar buscando novos camiños.

A carón do teu corpo
seu corpo sen figura o mar abría,
arrincando fronteiras contra os ceos.
O mar
salgado soño era, sen ribeiras.
E teu ollar primeiro,
néboa na néboa aínda,
derramouse a modiño
sobre do escintilante encantamento.
As meniñas de orballo desfechabas
ao mundo sen camiños,
ao ar labrado a penas por azas de paxaros,
para desfrorar ás tentas
o cósmico feitizo,
o silencio da pedra,
o sorriso das augas,
a carreira das aves en romaxe
polos opostos ceos
e nos vasos da vida
o movemento cortical da seiva
desabrochando primaveras.

Eras só natureza
que viña dos segredos do non ser,
mais eras xa adiantada proa
dos territorios desvendados
ao misterio dos mitos encubertos
que na idade da fábula encherían,
con Breogán primeiro,
con Amadís ou con Adamastor,
o asolago da Alántida.⁵⁹

Derramándose en sangue de coores
o sol, diante de ti,
o sol viña a deitarse cada día
e as estrelas lucían
sen enxergar ninguén o seu sinal.
Pé da esfínxe sen rostro,
no frío resprandor da soidade,
teu anxeio medraba
e a cantiga arrincaba da corda primitiva
o pegureiro do fisterre.

Tiña súa voz de pedra magoada
coma un latexo azul de profecías
o eco dunha door
que se dixera
ser a dor do futuro,
á cativeza do home encadeada.

En anadas escuras
os cadriles do mundo a adormeceran.
Nin razas, nin imperios
sentían xa cobiza ultramariña.
Humanidá de leite desatada
a cabalo de montes e de ríos,
asoballo de terras,
na paz das carballeiras tutelares
esquecida da noite nas estepas
e con ouvido virxe
no cantil debruzada
o soán escoitou das marusías,
o chilro das gaivotas,

a ola tecedeira das escumas,
arroallo do océano.
Así os albeiros escadróns do Leste
cunha adoa de lume nas meniñas
o seu trote centáurico
nas salferidas gandra
acougaron.⁴⁰

No trasfondo da esculca
unha fenda buscando nas paredes
azuis, e nos camiños líquidos
un roteiro de romaxes futuras,
o teu pobo, Galiza,
súa alma quecía
coa temperatura dos seus soños.
túas veas abríronse
á semente dos pobos trasegados
[...]

NOTAS

1. En B1 e B2 o título deste primeiro poema era “Punta da rosa céltiga”, como o primeiro verso da 2ª estrofa, que pasa a ser a 3ª estrofa nesta versión. Ao reelaborar o poema en S1 engádese unha nova estrofa ao comezo e, finalmente, en S2 esta primeira estrofa ríscase para substituíla por unha variante escrita á man. A imaxe da rosa celta remite a unha forma típica dos nós celtas, neste caso habitualmente presentada con catro puntas, e polo tanto implica situar a Galicia como un dos compoñentes centrais dese mundo celta atlántico, aínda que tamén cabe considerar as posibles resonancias de *The secret Rose* de W. B. Yeats.

2. Como se pode observar na reprodución do mecanoscrito, esta estrofa e os dous primeiros versos da seguinte foron modificados sobre unha versión previa en S1 que se engadira ao texto primeiro de B1 e B2. O engadido oriéntase cara á elisión do termo referencial, “Galiza”, e ao maior valor connotativo do poema, fronte ao explícito comezo da primeira versión: “Galiza, verde banda,/ con achego polar cara ós Poentes”. Pola contra, ese carácter explícito trasládase ao título, substituíndo a metáfora da rosa céltica, que situaba a visión histórica de Galicia dende o comezo en conexión coas teorías do celtismo.

3. En B1 e B2 utilízase “gama”, polo cal a “escada” aquí debe entenderse tamén en referencia á gradación das cores.

4. A elaboración do comezo desta estrofa tamén desvía un pouco do primeiro plano a metáfora celtista con relación a B1 e B2: “Punta da rosa céltiga,/ húmida de lendas e saudades,/ ao roteiro da Atrántida encostada”. Elimínase este segundo verso que desenvolvía a metáfora e a cambio introduce un primeiro verso que crea unha metáfora nova, orixinal pola súa xénese anatómica, pois identifica a Galicia co tarso de Europa, a parte do pé en que se apoia o corpo, como unha base fundamental, aínda que extremeira, para manterse erguido e poder camiñar, e ao mesmo tempo necesariamente articulada no conxunto.

5. En B1 e B2 este verso e o anterior resúmense nun só: “onde as antergas razas andareiras”.

6. En B1 e B2 o “trote” acompañábase do adxectivo “bravío” en pagas de “centáurico”, un cambio que supón unha mellora evidente pola contundencia da imaxe que cualifica eses poboadores procedentes do leste,

cabalgando incansables a través dos continentes ata formar unha unidade co cabalo, sempre en movemento. Outras variantes son menos significativas e parecen responder sinxelamente a unha busca de ritmo e sonoridade: “secular” pasa a “angular”, “refrearon” a “frearon”. Nas primeiras versións a partir de aquí segue unha estrofa que se elimina pero deixa o seu rastro na serie de versos finais da versión última:

Loiras barbadadas tropas
co fulgor das auroras nas meniñas
a neve das estepas nos xinetes
e a lama nos cabalos.
Aquí findou seu transmigrar sedento,
o seu pulo finstérico,
mais a semente a xermolar deixaron
no chan predestinado
para retomar ao cabo das centurias
aquelel prístino alento peregrino.

7. Na primeira versión esta estrofa enlazaba coa anterior e ía seguida dunha coda que pechaba o poema:

E aínda tiñas de sere
a testa dos camiños enlousados
coa estear soleira das galaxias,
que seu guieiro brillo,
do Vístula ou Sena deica o Sar
derramou nos romeiros do miragre.

Galiza,
todo foi andadura no teu sino
fonda paixón de longo trascendere
vivo traslocativo desespero.

Nos versos engadidos reelabórase unha idea que se expoñía con máis claridade na estrofa eliminada e que presenta Galicia como punto final das migracións do leste ao mesmo tempo que é punto de partida dunha nova diáspora que comeza a irradiar cara a territorios atlánticos coa viaxe de Breogán ás illas do novo mundo celta. A novidade agora consiste nas referencias mítico-lendarias que conectan coa obra de Cabanillas e Vicente Risco relacionada co ciclo do Graal.

8. O segundo poema elabórase sobre unha primeira versión de B1 e B2 que levaba o título de “Semente migral”, presentando a imaxe dunha terra que sementa a través da emigración. O cambio de título implica unha intención de intensificar o foco no destino, máis ca na orixe, desa aventura histórica.

9. Este último verso da estrofa era na primeira versión o que abría o poema:

No sangue dos punteiros,
no cerne dos atlánticos renovos
das nomadías castes,
a semente migral froriu vizosa.
América xurdía no horizonte
que sempre os erradíós cobizaron.

Estes dous últimos versos enmarcan as dúas seguintes estrofas na versión final que reproducimos.

10. Os dous bloques de versos precedentes enmárcanse en dous versos (“América xurdira” e “que sempre os erradíós cobizaron”) que derivan dos dous versos que pechaban a primeira estrofa de B1 e B2 que se reproduce arriba. O cambio do tempo verbal, “xurdira” por “xurdía”, trasládanos a un pasado moito máis distante, o pasado histórico da aparición do continente americano no mapa, e amplía polo tanto os límites da aventura migratoria máis alá da recente historia de diáspora económica. No mesmo senso elimínase a referencia ao móbil económico que aparecía na primeira versión coa fácil asociación de cobiza dunha banda e fartura da outra, pois a seguinte estrofa comezaba: “A estrela da fartura/ acendía destelos tras o mare”. A idea da estrela que guía e atrae mantense aquí, pero xa máis inocente e idealizada en “estrela virxe” dun “firmamento novo”.

11. Esta estrofa constrúese a partir da segunda da versión orixinaria:

A estrela da fartura
acendía destelos tras do mare.
E foi de novo andar, andar o sino,
en anónimas greas,
agora revertendo polo canto
dos orbes descubertos,
seguindo do vogar das carabelas
as galaxias mariñas.

Substitúense os dous versos iniciais xa comentados por esta referencia ao inicio dunha nova era migratoria, que se caracteriza pola exploración dos camiños marítimos. Este cambio do inicio fai redundantes algúns versos da versión orixinal e elimínanse os versos 4, 5 e 6, reducindo este bloque de versos de 8 na primeira versión a 5 na definitiva.

12. O autor prescinde de tres versos que iniciaban esta estrofa na primeira versión: “Parto e soño da xente/ moradora no lombo da fronteira,/ antre edades e abismos emproada.”

13. Despois de eliminar os versos iniciais, o autor reelabora esta estrofa completamente dende a versión de B1 e B2:

Polas órbitas vivas dos Poentes azues
foi riscando Galiza
a doorida parábola das Indias atopadas,
nutrida pola freba dos seus homes
de montaña e ribeira,
do seu probe labrego asoballado,
súas doces matronas enloitadas,
seus mozos e seus nenos.

Os cambios diríxense a substituír o nome do país como suxeito da acción (“foi riscando Galiza”) pola referencia colectiva ao pobo (“as raciais raíces”), e dar máis protagonismo á acción mesma fronte á enumeración das capas da poboación que aparecía como nutriente dese axente abstracto. Polo tanto esa riscadela da “parábola das Indias” convértese nunha imaxe moito máis potente que implica unha clara visión positiva da aventura migratoria pois serve para furar as paredes que illan e saír á luz en liberdade. Está aínda lonxe o tempo da chamada de Celso Emilio para cerrar as portas e a denuncia do “país dos ananos”. O que segue dende aquí é novo nas versións de S1 e S2 e substitúe a estrofa final de B1 e B2, que se traslada integramente ao final do poema seguinte dende o verso “Nin Potosí nin Tasco”.

14. Nestas estrofas novas traballa o autor en parte sobre ideas e elementos léxicos dos versos eliminados: as “anónimas greas” devenen “longas greas anónimas”, os homes traballadores reaparecen nesas mans e brazos que realizan duras tarefas e as “matronas enloitadas” impoñense na última estrofa presidida pola idea do loito.

15. As tres estrofas que seguen reproducen, como se indicou, a estrofa final eliminada do poema anterior na que se introducen dúas pausas marcadas por espazos que separan estrofas de catro versos. Substitúe a estrofa final orixinaria que aparece en B1 e B2 onde, a pesar da diferente formulación, encontramos a mesma idea do carácter fraternal da incorporación da poboación galega a América, fronte a outras comunidades emigrantes:

Rústicos mensaxeiros
dunha terra entre moitas esquecida;

polo pan emigrantes,
só no traballo, coma en Deus, crentes;
limpos torsos e rexas
labouradoras mans ao sol curtidas.
súas armas prá loita
no seu musculo baril ían pechadas,
no seu folgo quecidas:
rega amorosa e mol para os agros resecos,
latexo de irmandade para os pobos
nacentes.

16. Este cuarto poema é un exemplo máis da fonda reelaboración do conxunto que aquí se percibe con toda a súa complexidade. Como seguindo os consellos dalgunha voz experimentada no traballo poético, o autor traballa para desfacer as metáforas e asociacións demasiado simples afastando ou velando a relación entre termo real e imaxinario, foxe das imaxes máis tópicas, peneira a adxectivación. Neste empeño modifica a primeira estrofa de B1 e B2, que empezaba cunha invocación ás aldeas desvelando inmediatamente o referente da imaxe creada no título, seguida dunha serie de aposicións metafóricas descritivas co esquema A, B, B, B, B:

Aldeas,
rendas de tella e fume penduradas
nos seos da paisaxe;
primavera de cal esmorecente,
en roda a vella voz do campanario.
herdo de oestrímicas
vedrañas razas fundadoras;
tecido nuclear da terra *terminus*,
sobre o dozor tonal do plasma verde.

Fronte a esta acumulación retórica, na nova versión incorpórase a tensión dramática facendo presente o suxeito, os emigrantes, e a acción, o abandono, que de súpeto humaniza as aldeas converténdooas en seres sufrintes, e revela a relación metonímica co título, a substitución do contido (nais) polo continente (aldeas). Deste xeito a voz do campanario adquire tamén unha nova dimensión: xa non é a “vella voz” que marca unha rutina decadente, senón unha “voz azul”, nova formalmente pola caracterización sinestésica e tamén funcionalmente porque se ergue coma un laio que invade a paisaxe, a “única voz” posible das aldeas baleiras. E agora si, xa se pode conducir o lector cara a un anticlímax coa acumulación de metáforas aposicionais, pero ningunha delas gratuíta e

todas enfiadas na agulla que cose as aldeas coa idea da orixe e a personalidade diferenciada do pobo galego, “a nosa cepa”.

17. Aquí elídese un verso, unha nova metáfora aposicional que agora xa resultaría redundante: “natal cobixo da niñada esparsa”. Elimínase tamén a segunda parte da estrofa:

E mido canto medra nos fogares
o valeiro soturno,
a cada nova leva
que poda gomarizas
no matriano tronco das parroquias.

Para equilibrar a estrofa, o que na primeira versión era un único verso que resumía o mal que aqueixa as aldeas, “a magoadura do despobamento”, desévolvese agora nos últimos tres versos.

18. Nesta estrofa só persiste da versión primeira a imaxe metonímica dos “ríos de corazóns”, presente xa en B1 e B2:

Como os ares rurais
devalan nas areas da tristura,
após de cada embarque,
río de incertos curazóns que fuxen,
en mestas desfiadas,
antre a fiscal friaxe dos duaneiros
e a madurada door das despedidas.

É notable a desaparición da estrutura comparativa.

19. En B1 e B2 “parideiras de xente migradora”. Doutra banda, esta estrofa comeza nestas primeiras versións igual ca a que abre o poema, asociando o termo real (aldeas) ao imaxinario (nais) nunha aposición: “Aldeias,/ caladas nais exangües.”. A elisión da inicial invocación ás aldeas na versión definitiva está condicionada tamén polo feito de que a estrofa anterior acaba no mesmo substantivo.

20. En B1 e B2 con variantes: “en abandono e solitude inzando,/ para derramar os froitos da súa entraña/ pola vertente expatriatoria.” Mais “as roladas esguías” aparecían tamén ao final da estrofa, así como outras imaxes que se desenvolven máis adiante, pois continúa: “Esgotadas matrices/ dun pobo entre dous mundos departido;/ laxes polas que esvaran no desterro/ as roladas esguías.”

A partir de aquí glósase esta idea nuclear da maternidade sufrinte en dúas estrofas que non existían nas primeiras versións e que desenvolven unha serie de metáforas arredor das aldeas/nais (“naos sen velame”, “arboledas chapodadas”, “esgotadas matrices”) e do pobo/fillos (“frefas

que [...] queimaron os seus pulos”, “pinga e prea de rábula”, “antena mol”, “alcouves de sementes”).

21. Os seis versos restantes na versión B1 e B2 recóllense tamén aquí no peche con algunha variante, mais sen renunciar á comparación con Anteo, alimentado pola súa nai terra e elevado no aire para evitar a súa rexeneración e poder así matalo. A versión definitiva introduce os dous primeiros versos da estrofa e elimina un verso que aquí sería o cuarto e que ampliaba esa “forza” cunha explicación cualificativa: “pra batallar no noso chan doada”.

22. O título do canto V perde o artigo da primeira versión, “O rodar das vidas”, na liña de evolución cara a unha menor concreción e maior abstracción e capacidade de suxestión que parece caracterizar a reelaboración do poemario.

23. Introdúcese en S1 e S2 este espazo separador dos versos seguintes.

24. En B1 e B2 son as “roxas cuncas”. Esta imaxe recolle a dun verso do canto I: “e sangrar para encher cuncas alleas”.

25. Os dous versos precedentes recupéranse da estrofa eliminada ao final do canto III e substitúen un verso que se elimina de B1 e B2 nesta posición: “de legón e de fame fuxidíos”.

26. En B1 e B2 lese “tronzadas” en lugar de “levadas”, que establece con máis fluidez a conexión co verso seguinte: “[...] levadas/ na ventureira roda [...]”.

27. “A mourecer” substitúe “A se queimar” da primeira versión.

28. A concreción do lugar, “en Atacama”, engádesse en S1 e S2.

29. De novo elimínase aquí o artigo do título inicial, “O valeiro roente”.

30. En B1 e B2 encontramos ata aquí un bloque de versos unitario. A introdución de espazos separando os bloques de versos denota unha consciente administración dos silencios no ritmo do poema.

31. Ata aquí respéctase a primeira versión, engadindo só estes dous últimos versos, e cambia completamente a estrofa final, substituíndo os seguintes versos que aparecían na estrofa de peche en B1 e B2:

E unha voz vai na lingua mesturada,
a voz que sempre berra
pola quentura dos matricios vasos,
polas visións que foron
primicial alimento dos espritos.

Con esta estrofa pecharíase entón a primeira versión do poemario, que na súa reelaboración vese acrescentado polo poema final.

32. Este último poema aparece xa en B2, pero co título “A chamada”, riscado e substituído por outro escrito á man: “Canto da remigración”. As dúbidas sobre o título están a reflectir as dúbidas arredor da perspectiva dende a que se debe formular o canto, dende a chamada da terra, moi acorde co discurso do poema, ou dende experiencia do emigrante nun regreso efectivo como suxire o título definitivo, “A volta”.

33. O espazo precedente entre estes dous primeiros bloques de catro versos é unha innovación en S1 e S2 con relación a B1 e B2.

34. Corríxese o rotacismo de “frotación” pois pode levar a dúbidas de interpretación, e neste caso ademais parece máis lóxico o uso de “flotar” fronte a “frotar”, pois refírese ao que fan os “corpos sen raíces”, imaxe que contén unha referencia implícita ao mito de Anteo xa comentado en anteriores poemas.

35. En B2 aparece este bloque de versos e o anterior formando unha unidade sen espazo separador, con algunhas modificacións feitas á man e finalmente toda a estrofa riscada, pero na versión posterior recupérase a estrofa na súa primeira versión, sen as modificacións manuscritas. As dúbidas afectaban o determinante de “corpos” substituíndo “sen raíces” por “sen amparo”, ou mesmo engadindo un verso a continuación: “[...] corpos sen amparo/ nos esteos nativos.” Tamén no verso seguinte experimenta con algunha variante: “Cancelade a morriña na ialma” ou “Cancelade o ácido da morriña”.

36. Substitúese por “montemos” o verbo utilizado orixinarimente en B2 e elimínase tamén o uso da segunda forma do artigo: “alcemol-os perpiños”.

37. Diante da estrofa, na marxe dereita, en B2 aparece unha anotación de tres versos que finalmente non se incorporan: “Xa non cómpre fuxir,/ cando total- as terras seus dereitos/ levantan.”

38. Os últimos versos aparecen dubidosos en B2 cunha primeira versión mecanoscrita que se risca para corríxila á man: “os destinos do home./ a chea pulsación,/ das xornadas futuras de Galiza” substitúese por: “os destinos do home a destempo/ ou a tempo por Anteo salvado”. E aparecen riscadas outras versións: “os destinos do home a tempo/ salvados en veas novas” ou “os destinos do home/ [a tempo] por Anteo salvados”. En calquera caso, recuperábase alí a referencia ao mito de Anteo e a súa

unión vital coa nai terra, que se desbota na versión definitiva para dar protagonismo á idea de futuro e os “fritos luminosos” que se lle asocian.

39. A referencia a Breogán e Amadís como figuras centrais deses “mitos encubertos” aos que se abren os novos territorios remite a toda a construción histórico-lendaria que a tradición literaria viñera elaborando dende que Pondal dá forma poética ao mito da orixe celta e Cabanillas establece as conexións coa materia da Bretraña medieval. A novidade introdúcea a presenza de Adamastor, que podería interpretarse como un intento de conectar coa tradición lusa e a súa xesta marítima, pois a pesar da súa xinea clásica esta figura popularízase a partir da súa aparición nun episodio dos *Lusíadas* (canto V, 37-60) e simboliza o valor dos navegantes para afrontar o desafío sobrehumano das forzas do océano.

40. Estes versos recollen case literalmente os últimos versos da estrofa cuarta do primeiro poema do libro, presentando de novo a Galicia como o pousadoiro onde se establece un pobo, despois dun longo periplo, procedente do leste, tal como se pensaba que fixeran os celtas.

CANTO DO POBO DISPERSO

FACÍMILE

Do tempo que levam
o mistério do mar pela unha
fora do mar, pedra e brótema
no número de ole
e nave submersa
sua corça ultramarina compuxo

I

GALIZA, RIVEIRA ANTIGA

Com alga, pedra e brótema,
ao arte dos azues obradoiros
trabalados arréu,
e mar intemporal,
tá corça intemporal compuxo.

través o palio do
cambio

Ben bicada baranda, *que recula*
~~na~~ ~~escada~~ ~~polar~~ ~~na~~ ~~os~~ ~~Poentes~~,
sua escada esgotan
na maria cegadora de alen-mar,
tras do arco das augas promisorias,
onde inda terua derradeiramente
a moedad do mundo.

Tarso estremoal da Europa,
punta da rosa céltiga encostada
ao roteiro da Atrántida;
noiva dos volaiños
ventos que sopran os cadentes nevos;
muro das correntias,
quecedoras de ventre dos abismos.

Vello esquinal da Roma,
que até o linder do "mare tenebrosam"
alougou a firmeza das calçadas;
angular pousadoiro,
onde os albeiros escadróns do Este,
e-unha pinga de aurora nas cenizas,
o seu trote centúxico frearon.

Fogo de lumes místicos,
no miragreiro nifadoiro aoesca
das cinzas navegantes,
e berce de canifos calcusados
co-a estear soleira das galaxias,
por onde a fé dos pobos foi guiada,
do Vistula ou do Sena dais-o Sax.

Con hestorias de andar lonxanos ermos,
e sangrar para encher cuncas alleas,
da túa hestoria os folios se escribiron.
Riveira a mais antiga,
pr-ó devalar das étnicas marés.

Eiquí findóu o transmigrar sedento
das loiras oleadas,
fuxidas da friaxe das estepas.

Eiquí Sant Yago, morto, resucita
vigairo dos regueiros sideraos.

E Breogan partía,
das neboas e das ondas peregrino,
a poboal-as illas presentidas.

Sempre ramos de vida a derramarse,
sempre sangue de pobos a escoarse,
sempre deixar de sero,
para ser n-outros.

II

AMERICA, ESTRELA VIRXE

Despois do loiro inerte,
a cemente nigral,
sua atávica froxa desfechou
no sangue dos atlánticos punteiros.

America surdita,
unha asina de universal outono,
no cartafol negro do planeta,
e con repiques de ouro,
do latitudinal confin das augas,
onde as tebras azues xa eran terra,
outro mundo chamaba
aos orfos de ventura e de fartura.

Era unha estrela virxe,
tremolucindo en firmamento novo,
a trizar os compridos horizontes,
que sempre os erraditos cobizaran.

Os casidos terrestres, doravante
an marceiros casidos se trociron.
E foi de novo andar andar e sino,
seguinte do bogar das carabelas
ac galaxias de esouza.

Pol-as orbitas vivas
dos Poentes deitados tras do mare,
as racios raicos apucadas
no devalar dos seculos serxidos,
furraron as paredes isolantes,
a libre luz sahiron
das terras e dos pobos atopados.

E Galiza, a esquecida,
arredada e viuva
d-un Reino pol-on outros devorado;
matrix lexiana do romance lido
e da lei da andurria;
abatido solar,
de xentes e castelos abatidos...;
caladamente heroica,
escochada a súa
deceosa desfiada transmarina.

Longas greas encaimas de corpos,
arrincados de plinto sustentorio
de cores;
fritos de culmo e grao de sulcos vellos;
meos que fendim saizo metaling
e bordaban graño das canteiras;
bracos para rabala e par-o lame,
moninés par-o lóstago.

Homos na Natureza asentados,
espartanas malleros,
voto de doer escuro paraa loita
e-o loito;
para loita do pan,
e par-o loito
dos mortos e dos vivos.

I I I

MIÑATOS
E ANDURIÑAS

Ya os miñatos sin azas,
refugallo da Europa rosariada,
os virollos, os troncos, os eibados,
fuxidos das cadeas,
das tabernas dos portos e os garitos,
dende os seus recuados acobexos,
a rapaña voaran de "outra mer".

Endexanais a nobre
servidume das quillas e das velas,
radiosa ainda da recente gloria,
se luxou tan axiña,
emprestando dos ventos transerifos
a forma bulidora,
pra insar o mar de ladroizo e crise.

Ya os miñatos pasaran,
con peteiro fasento e raxa pouta,
a roubar os tesouros que veaban,
dend-as cristas andinas,
o cóndor e o quetzal.

Despois,
de amor e quente ensone latexantes,
as anduriñas ceitas arribaron,
pra convivir co tero e-o sinsonte,
e pendurar seus niños no pallazo
dos ranchos,
e revoar na infinitude orda
co-a lei doce e dura das abellas.

Nin Potosí nin Tasco,
nin os tesouros incas, nin as xoias
dos sacrificios mayas,
aguzaron as uñas dos galegos.

Homes co-a sustancia do traballo nas veas,
non víñeron, señores, a cabalo,
con arrees de ferro, con trabuco,
a mandar sobr-as terras desvendadas.

Non engadaron indios con adoa,
nin trasegaron pretos,
mais con peitos abertos e con brazos
valentes,
sua neve e seus soles,
suas sociedades árdigas partiron.

I V

CALADAS MAIS

Gravadas na paisaxe
e pechadas na sua door,
os emigrantes deixen as aldeias.

Dos mantos casarios incrinados
a-o dozor pastoral de prasma verde,
rube na voz azul do compenarrio,
a sda unica voz.

Primaveira de cal que aloxa o herdo
de oestrinicas xentes fundadoras;
tecido nuorear da terra "terminus";
ramada abocencial
da nosa oepa.

Eu sinto das aldeias,
nos cordons de meu sangue solidario,
fio a fio,
as feridas abertas na sua carne,
pol-o despoboamento,
e pol-a soeda no seu espirito.

Atrás das moitedumes,
rios de curaxons accitelados
que seu leite abandonan;
tras dos incertos pasos desertivos
pol-a escada dos barcos...;
alóngase a agonia das aldeias.

Caladas mais exangies,
parideiras das vidas sin accugo,
en oprimida solitude insando,
as roladás oaguias,
que esvaran a vertente expatriatoria.

Édes naos sin velame,
ancoradas na anguria poentina;
hummas arborodas chapodadas,
que ciscaren no vanto e seu verdor.

Esgotadas matrices
do pobo des sabrado e migrador,
un enaco por mundo,
fregas que na soedume
de non poder queimaron o seus pulos;
pinga e prea do rábula,
entena mol pr-ós abelléns do fisco;
alcoubes de sementes abraidas,
pol-a escolla fadal
entre fame, desterro ou servidume.

E n-unha sorte ou n-outra,
aldeias da Galisa,
a vosa enteira forza,
pra batallar no noso chan doada,
perde a lei da nacencia embrocada,
a virtú dos orixes,
o vencello raigal a terra propia
que sustentaba a Antea.

RODAR DAS VIDAS

Pol-a suchura dos mapas,
na fria lei do ferro domeados,
alá van, silandeiros,
os fillos, barro e sangue, das aldeias.

Carazóns primeirizas,
descoallados da Terra cando a Terra,
escomensa a deitar nos rocos copos,
agarimo e cantiga.

De bagaxes lixeiros e de escola,
pol-o pan migradores,
só no traballo com-a en Deus creentes;
rebolada de frescos
vidas para frorir e xa levadas
na vatureira roda dos incertos
destiños.

A mourecer no trópico,
ou sumirse na pampa nivelante;
a decruar baldios pol-o chaco,
ou tumbar ahuahuetes na maigua;
sudar nas espesuras do caucho e-o caiman,
nos trapiches de Cuba;
das andinas valgadas, nos petreiros;
furar xeoloxía ~~de~~ en Maracaibo,
ou palear salitre *en Atacama*

Compañeiros do pingo e das vacadas,
veciños de anacondas e de pumas,
ao cobre mesturados do mestizo,
do gaúcho,
e mais á luna epitear do preto.

Redopio de vidas pendulares,
aúnino alimento dos poderes
monstruosos,
que erguen xigantomaquias de cimento,
suas presentes maquinas de renda,
nos cadros celulares
das cidades presidio,
abauxantes, trecentes, feridoras,
o valeiras de y-alsa.

VALEIRO ROENTE

Non abonda a saudade,
 lembrativa vivanza vagantía,
 pra soldar tronsaduras,
 que nosas vidas deixen sin raíces.

Min "sanatorios" murdios,
 nin poseireiro asosego en "quintas" de saúde,
 pra acoller os espantos dos vencidos.

Min trasegas de gaita domingueira,
 de santos e romaxes,
 baixo a fronsa sin cheiro dos alleos
 parques municipais.

Descorridas imaxes
 de cativo consolo,
 superpostas na anguria dos leixados,
 ao valeiro roente da presenza
 da terra.

Intiman queixa d-almas que perderon
 os esteos nativos,
 as greñicas vértebras,
 e viven revivindo,
 na esgudollada neboa dos recordos
 primeiros,
 a ledicia dourada
 dos carballos queimados nas lateiras;
 a memoria de bronce no que falan
 as horas;
 os pespantes da choiva na paisaxe
 dormente;
 o arume das herbas, recordando
 no nocturno estear.

Almas dos emigrados,
pol-o corpo empurradas ao longo do
desterro;
pol-a soma habitadas do valeiro
que abriu unha loxana despedida:
sempre co-a coita dentro,
a vagar sin pousarse nos alleos
camifios;
sempre a levar a fria madredela
no curacán trissado;
o medo da gadaña que se adiante
a segar toda esperanza de retorno.

F I I

A V O L T A

A terra da Galiza,
sin vos baril no pobo articulada,
suas angurias deita
no linguaxe fluvial da Natureza.

Ergue oraseiros líquidos no vento
e a espuma das marés,
e fai continuo rezo mamado
no soar largado dos pifeiros.

Escoitade, galegos,
n-outros ares levada pol-o espazo,
a chamada dos albres e das pedras,
dos montes e dos rios e das olas,
do matricio terrón que no centeo,
no millo,
trasfunde no noso pan a seiba eterna.

Escoitade, galegos,
co peito aberto ao cósmico latzo,
as mineras voces das aréas,
do seixo das congostras,
do wolfram dos mineiros, e das laxes
labradas pol-os seculos e o mare,
e o derradeiro eco das buginas
no deserto das puzias.

Canto é ser da Galiza,
hoso e sustancia do seu corpo sagro,
en verba de ninguén adprendida,
na que todos entenden,
di como a terra anoxia
remuntar os anacos da sua carne;
como ela agarda sempre,
pol-a renigración do pobo esperso.

Voltade aos lares fríos,
aves de asas lixeiras, peregrinas
pol-os vales abertos
a frotación dos corpos sin raíces.

Cancelái a morriña,
almas irmás doentes de arreo,
no camiño dourado,
que desanda o camiño do desterro.

Sulco a sulco de novo,
nosa belida herdáñe labremos xuntos;
montemos os perpiaños d-unha viva
pequena pátreo leda e cobizada,
onde manen as fontes da perdida
fartura;
noso pan, noso viño, noso peixe
partamos,
e a raza curemos
do vezo insolidario e dispersivo.

O roteiro da volta,
enchede de cantiga e aturaxo,
pol-as aortas d-auga do praneta,
e no chan esquecido,
na terra-cruz dos vellos e dos novos
continentes e mares;
na telúrica proa occidental,
ergamos xa,
galegos resgatados,
a groxia dos emporios,
que deica agora esguete en chan alleo;
obremos xa sobre soleiras firmes,
e baixo novas craves,
os destinos do home,
a pulsación valente,
que acugule de froitos luminosos
as azadas futuras de Galisa.

Bogotá, maio, 1955.

GALICIA
VIGILIUM MARE

Rota da liña infirme,

onde as formas do mapa se esgararon
e onde as costas líquidas

se a vista cega dos abismos, ~~perambulou~~ ergue,
arrolada nos ventos boreales,
unha terra nascia.

Ira o abreute doce,

do tempo devorido sen historia,
dos destínos sen clave.

Homes, albos e bestas,

coa forra do ginecís enteira,
no valeiro dos orbes agromaban,
e toda medición dos elementos,
vina dada por solas e por luas,
na roda roda dos crepusculos.

A carón do teu corpo,

sen corpo sen figura o mar d'ela,
arrimando as fronteiras, entre os ceos.

O mar,

salgado sono era, seu ribeira.
E teu olhar primeiro,
néboa na néboa ainda,
derramouse ausodiño
solto do cintilante encantamento.
As meniñas de orballo desfectualas
ao mundo seu camiños,
ao ar labrado apenas por aras de paxaros,
pra desfrorar as tentas
o cósmico feitino,
o silencio da pedra,
o sorriso das augas,
a carreira das aves en romaxe
pel-os apostos ceos,
e nos vasos da vida,
o movemento cortical da seiva
desalbrochando primaveiras.

bras só natureza,
que vinda dos regredos do non sere,
mais con xa adiantada
proa dos territorios desvendados,

ao misterio dos mitos encobertos,
que na idade da fibula escherian,
com Prologon primeiro,
com Amadis ou com Salamastor,
o sulago da Atlantida.
Derramava-se em sangue de cores
o sol, diante de ti,
o sol viera a deitar-se cada dia,
e as estrelas luciam,
sem envolver ninguem o seu sinal.
Vé da esfinge sem rosto,
no frio respirador da sociedade;
teu ancio medrala,
e a cantiga arrincaba da corda primitiva,
o pegureiro do fiustere,
~~Tinha sua voz de pedra magoada,~~
como um latero arul de profetas,
o eco d-umha door,
que ~~sempre~~ se dixerá
ser a door do futuro
à cativer do home encadeado.

En nuadas escuras
os cadriles do mundo adormeceran.
Nin raras nin imperios
sentian na cobiza ultramarina.
Humanidá de leite desatada,
a cabalo de montes e de ríos,
asoballo de terras,
na paz das carballeiras tutelares,
esquecida da noite nos entepas,
e con ouvido virxe,
no cantil delmorada,
o soán excitón das maruscias,
o chilo das gaviotas,
a ola tecedeira das escumas,
arroallo do Oceano.
Aí os albeiros meadróns do leste,
c-unha adoa de lume nas meimas,
o seu trote centaúrico,
nas salferidas gaudras,
acougaron.

No trasfondo da escola,
umha fevta buscando nas paredes,
arues, e nos camiños líquidos
umha roteiro futuro,
o teu povo, Galiza,
~~sua y-pluma espartada esprezada~~
~~sua y-alma limpala da pobreza~~
~~amoral~~
~~sua y-pluma indecisa~~
~~sua y-alma aos seus entregaba.~~

No trasfondo da escola,
umha fevta buscando nas paredes,
arues, e nos camiños líquidos,
~~o roteiro futuro~~
~~os camiños futuros,~~
sua roteiro de romar e futuro
o teu povo, Galiza,
sua y-alma e seu sangue queira, e con
sua y-alma queira
co-a temperatura dos seus seus.

Tuas veas abriromos
a semente dos pobos trasegados,

SUMARIO

5

LIMIAR

POR RAMÓN VILLARES

15

EMIGRACIÓN E LITERATURA

POR MARÍA XESÚS LAMA

33

CANTO DO POBO DISPERSO

35

TRANSCRICIÓN

67

FACSIMILE

ESTE LIBRO ACABOUSE DE IMPRIMIR O DÍA 23 DE ABRIL,
ANIVERSARIO DO NACEMENTO DE VALENTÍN PAZ-ANDRADE,
A QUEN SE LLE DEDICA ESTE ANO 2012
O DÍA DAS LETRAS GALEGAS

